



Tertulias literarias

BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA outubro – decembro 2019



1) El ferrocarril subterráneo, de Colson Whitehead



Cora é unha moza escrava dunha plantación de algodón en Xeorxia. Abandonada pola súa nai, vive sometida á crueldade dos seus amos. Cando César, un mozo de Virxinia, lle fala do ferrocarril subterráneo, ambos deciden iniciar unha arriscada fuxida cara ao Norte para conseguir a liberdade.

Inscripción e entrega: 25 setembro
1ª sesión e comentario: 9 outubro

2) La chica del tren, de Paula Hawkins



Rachel toma sempre o tren das 8:04 h. Cada mañá o mesmo... e a mesma parada no sinal vermello. Son só uns segundos, pero permítenlle observar a unha parella almorzando tranquilamente na súa terraza. Invéntase uns nomes para eles: Jess e Jason. A vida deles é perfecta, non como a súa. Pero un día ve algo...

Entrega: 9 outubro
Comentario: 23 outubro


3) Os fillos do lume, de Pedro Feijoo



Poucas cousas cambian a vida dunha persoa. Presenciar un asasinato é unha delas. A Porta do Sol de Vigo é unha festa. Risos, barullo. Na praza ategada de xente só uns poucos saben o que está a piques de acontecer. E, aínda así, ningún dos asistentes esquecerá xamais esta tarde de domingo. Un disparo camuflado no rebumbio, o alcalde botando a man ao peito antes de caer...

Entrega: 23 outubro
Comentario: 6 novembro

4) Madres e hijas, de Laura Freixas



A relación nai-filla é un tema crucial que só no noso século, a medida que as mulleres escritoras deixan de ser unha rareza, comeza a ter unha presenza literaria notable. Este volume recompila relatos de importantes autoras como Rosa Chacel, Carmen Laforet, Carmen Martín Gaité e Ana María Matute, así como outros escritos para esta edición de Josefina R. Aldecoa, Esther Tusquets, Cristina Peri Rossi, Ana María Moix, Soledad Puértolas, etc.

Entrega: 6 novembro
Comentario: 20 novembro

5) Dublineses, de James Joyce



Dublineses é unha colección de quince historias curtas escritas por James Joyce que foron publicadas en 1914. Xuntas forman unha representación naturalista da vida da clase media irlandesa en Dublín e nos seus arredores a comezos do século XX.

Entrega: 20 novembro
Comentario: 4 decembro

6) República luminosa, de Andrés Barba



A aparición de trinta e dous nenos violentos de procedencia descoñecida trastorna por completo a vida de San Cristóbal, unha pequena cidade tropical encaixonada entre a selva e o río. Vinte anos despois, un dos seus protagonistas redacta esta crónica tecida de feitos, probas e rumores sobre os nenos que tomaron a cidade.

Entrega: 4 decembro
Comentario: 18 decembro

7) Órdenes sagradas, de Benjamin Black



A madrugada na que o corpo de Jimmy Minor aparece flotando nas escuras augas da canle, nin o forense Quirke nin a súa filla Phoebe poden intuír ata que punto esa morte vai remover as súas propias vidas. Mentres Phoebe abre os ollos a unha sensualidade descoñecida, a investigación arrastra a Quirke de regreso ao inferno da súa infancia no orfanato católico de Carriclea.

Entrega: 18 decembro
Comentario: 15 xaneiro